<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

UD	Título da UD	Duración
7	ANIMAIIS VERTEBRADOS	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	PE	70
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os animais vertebrados identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os vertebrados máis comúns		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos vertebrados utilizando as claves para a identificación e a clasificación dos mesmos.		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos vertebrados.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar procesos biolóxicos interpretando información de diferentes fontes chegando a conclusións	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e intentar respondelas empregando o método científico		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	presentar as conclusións da investigación mediante as ferramentas dixitais adecuadas interpretando a información obtida a través da observación de campo.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar nun proxecto científico asumindo unha función concreta e respectando a diversidade e igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

UD	Título da UD	Duración
8	ECOSISTEMAS	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles	PE	70
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistema galegos.	Explicar algunhas características dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistema galegos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar procesos biolóxicos interpretando información de diferentes fontes chegando a conclusións	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e intentar respondelas empregando o método científico		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	recoñecer información sobre temas biolóxicos con base científica diferenciando de aqueles que non teñen base científica		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	presentar as conclusións da investigación mediante as ferramentas dixitais adecuadas interpretando a información obtida a través da observación de campo.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	cooperar nun proxecto científico asumindo unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Os ecosistemas: - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna.

Contidos

- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.
- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Chegar a unha metodoloxía adecuada ou perfecta preséntase unha tarefa complicada, dado que non existe un método infalible, ao estar esta influenciada por unha serie de factores como poden ser os contidos, o número de alumnos/as, as características propias de cada grupo, os recursos dos que se dispón ou as actividades que se levan a cabo.

A pesar de non existir un método único, diferentes autores actuais parecen coincidir nunha serie de principios nos que se debe basear calquera orientación metodolóxica, trátase de responder á cuestión de COMO ENSINAR.

Polo tanto, a metodoloxía que se seguirá nesta PA ten a ver cunha perspectiva global, construtivista (construír a nivel persoal, o proceso que xera o coñecemento), significativa (relacionar a nova información asimilada) e cooperativa na que a visión da aprendizaxe está baseada na crenza en que o coñecemento non é algo que simplemente pode ser dado polo mestre, senón que os estudantes son construtores e creadores de significado e coñecemento.

Os principios construtivistas parten das ideas previas, coñecementos adquiridos en etapas anteriores; das novas aprendizaxes que deben adaptarse aos esquemas previos, ou modificalos se non son os correctos; da resolución de interrogantes mediante a busca de probas, ideas e datos que se poidan aplicar a solucións concretas, para así poder modificar as ideas previas e xerar unha aprendizaxe autónoma que posibilite o alumno/a a adquisición das competencias básicas, facendo fincapé na autonomía e iniciativa persoal e na capacidade de aprender a aprender.

Por outra banda, por medio do traballo cooperativo prodúcese unha construción activa do significado, converténdose este en persoal e relevante para o discente (Kagan e Kagan, 2009). Así, o proceso de ensinanza-aprendizaxe está centrado no estudante que, a través dos seus procesos cognitivos, cimenta os seus coñecementos.

Asemade, a metodoloxía debe apuntar cara a aprendizaxe experiencial que non se limite á soa exposición de conceptos, senón que a través da realización de exercicios, simulacións ou dinámicas con sentido, busca que a persoa asimile os principios e pónaos en práctica, desenvolvendo as súas competencias persoais e profesionais (Dewey, 1938).

Polo tanto, o rol do docente será guiar, mediar e motivar o alumnado para que estea en contacto cos contidos curriculares conceptuais, procedimentais e actitudinais. Estes estarán baseados na reflexión, dedución e experimentación. O docente incentivará a participación e proveerá un contexto adecuado, ademais de recursos de información, ferramentas cognitivas e colaborativas que permitan a execución das tarefas. Fomentará a aprendizaxe activa e autónoma, afianzando o aprendido ata o momento e tomando eses coñecementos como punto de partida para así chegar á aprendizaxe significativa. Para levar a cabo estas funcións coherentemente, o docente debe facer unha análise a priori do coñecemento do alumnado para así ter unha cosmovisión global e poder deseñar as actividades acordes ao alumnado porque como explicaba Ausubel, Novak e Hanesian (1983) "o factor máis importante que inflúe na aprendizaxe é o que o alumno xa sabe. Averígüese isto e ensínese consecuentemente".

Para levar a cabo a acción docente que se deriva dos principios metodolóxicos anteriores deberán darse unha serie de condicións:

- Unha avaliación inicial, coa que se determinarán os coñecementos previos do alumnado. Desta forma economizaranse tempo e recursos, xa que certos coñecementos foron adquiridos en etapas anteriores. De non existiren coñecementos previos, farase unha pequena introdución que busque chamar a atención do alumnado e espertar o seu interese polo tema novo.
- Uso de recursos didácticos atractivos e significativos que se caracterizarán, na medida das posibilidades, pola súa practicidade, orixinalidade e actualidade.
- Busca da autonomía do alumnado, co obxectivo de chegar a unha aprendizaxe significativa que ofrezca a oportunidade a que o discente aprenda por si mesmo, estimulando a análise e a reflexión.
- Fomento da actividade continuada dos alumnos/as para que se impliquen no proceso de aprendizaxe, conectando os contidos con temas de actualidade e de interese para o grupo, de modo que observen a aplicación práctica dos contidos.
- Aumento da motivación mediante actividades diversas con distintos graos de dificultade para que poida participar todo tipo de alumnado, tratando de combinar materiais, espazos (laboratorio, aula, audiovisuais, biblioteca, etc) e agrupamentos na aula.
- Para aqueles alumnos/as que o necesiten, realizaranse actividades de reforzo, así como actividades de ampliación

para os alumnos/as que de forma satisfactoria realizaron as actividades de desenvolvemento expostas permitíndolles unha ampliación dos seus coñecementos baixo o principio sempre presente de atención á diversidade. Neste senso, o traballo por proxectos que se propón realizar en todas as avaliacións, favorecerá que o alumnado traballe máis dunha competencia ao mesmo tempo e relacione varias materias interdisciplinarmente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libros de texto:

1. Bioloxía e xeoloxía. 1º ESO. Construindo mundos . Obradoiro Santillana.
2. Materiais escritos e audiovisuais de elaboración propia.
3. Caderno de traballo do alumno.
4. Material audiovisual.
5. Libros de lectura recomendados.
6. Libros de consulta situados no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e na Biblioteca do Centro.
7. Medios TIC.
8. Guías e claves.
9. Materiais de laboratorio.

En canto aos espazos educativos empregados serán variados: a aula, onde se realizarán a exposición dos temas e parte das actividades; o laboratorio para a realización das prácticas; a aula de informática e a biblioteca para a procura de información.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ó alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, tal como se reflicte no apartado do plan de reforzo desta programación, realizarase unha avaliación inicial, cuxo resultado servirá para decidir as medidas de adaptación á diversidade necesarias segundo sexa o caso.

Dita avaliación inicial realizarase por medio dunha proba escrita tipo test ou observación sistemática dos alumnos na aula durante os primeiros días de clase, nos que se repasarán os contidos de cursos anteriores necesarios para proceder ó desenvolvemento da programación.

Tamén recorrerase aos informes individualizados e á Memoria Anual dispoñibles do curso anterior para a toma de decisións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	16	12	12	12	12	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Para a nota de cada avaliación:

O 70% corresponderá ás probas escritas. (Media aritmética)

O 30% restante obterase a partir da entrega, exposición, no tempo e na forma, dos traballos, exposicións, prácticas de laboratorio, portfolio, .que se lles pida en cada trimestre e realacionados con cada bloque.

traballo diario (10%) será avaliado mediante observación directa na aula, no laboratorio e nos traballos grupais.

portfolio (10%) incluirá o esquema final obrigatorio de cada unidade, os informes de cada práctica de laboratorio e outras fichas que se requiriran organizado e correxido pola docente .

traballo de investigación (10%)

Para obter a nota final de cada avaliación farase media aritmética das probas escritas (70%) e media aritmética das entregas (media aritmética) esumaranse ambas.

A cualificación obtida da operación aritmética indicada será redondeada a un valor enteiro inmediatamente superior, cando o valor decimal sexa maior que 0,5.

Tanto os traballo obrigatorios como os exercicios que teñan unha data de entrega, de non se presentar nese día serán cualificados cun 0.

Toda lectura ou traballo opcional poderá incrementar a nota da avaliación un máximo de 0,5.

Só se superará a avaliación cando a nota media sexa igual ou superior a 5.

Para calcular a nota final do curso, farase media aritmética das probas escritas de todo o curso o que suporá un 70% da nota final. O 30% restante calcularase coa media aritmética das cualificación obtidas nas produccóns de todo o curso (neste caso será tida en conta tamén a evolución/progresión do alumnado).

Criterios de recuperación:

O alumnado que sexa avaliado negativamente nunha das avaliacións terá dereito a recuperación mediante instrumentos adaptados (proba escrita, repetición de entregas, exposicións, informes....) para cada caso, con posterioridade ás datas de avaliación trimestral, computando este resultado para o cálculo da nota da avaliación final ordinaria.

Aqueles alumnos que non consigan cualificación positiva a finais da 3ª avaliación poderán recuperar a materia (ou no seu caso a avaliación ou avaliacións suspensas) con probas de recuperación específicas de cada avaliación ou ben da materia completa na semana do 10 ao 14 de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior. O que si pode ocorrer é que o alumno ou alumna teña promocionado dende o último curso de Educación Primaria sen ter superado a correspondente materia de Ciencias da Natureza. De suceder isto, realizarase un seguimento individualizado do alumno ou alumna a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Para os alumnos/as que se atopen cursando 2º da ESO coa materia suspensa tomaranse as medidas acordadas no

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

O alumnado que ten pendente Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO poderá recuperar a materia en 2 datas:

NOVEMBRO: 1ª proba e entrega do primeiro boletín correspondente ás unidades 1, 2, 3 e 4 que se corresponden coas unidades 2, 3,4 e 5 do libro de texto.

ABRIL: 2ª proba e entrega do segundo boletín correspondente ás unidades 5, 6, 7 e 8 que se corresponden coas unidades 5,6,7,8,9 e 10 do libro de texto.

-As porcentaxes de calificación serán:
30% para os boletíns e 70% para a proba escrita.

Aqueles alumnos que non consigan superar a materia en abril, terán unha proba final en MAIO .

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade fai necesario un repertorio de actividades que conteñan unha organización con diferentes grados de dificultade. Haberá un gran bloque de propostas de traballo que se lles presentará a tódolos alumnos, ben individualmente, ben en grupo. Atoparemos alumnos que teñen dificultades para progresar dentro do grupo e outros alumnos que poderían aburrirse polo lento que se lles fai o traballo. Entón, a pesar das dificultades que supón polo elevado número de alumnos na aula, en función das características persoais de cada alumno, realizaranse adaptacións significativas ou non significativas.

No caso de alumnos que presenten dificultades específicas de aprendizaxe (discapacidade, trastornos graves de conduta, etc) ou con baixas capacidades intelectuais, diminuírase a complexidade e nivel dos contidos segundo a peculiaridade de cada alumno/a. Serán realizadas actividades específicas de reforzo, fomentando nos alumnos, sempre que sexa posible o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación, cun alto compoñente motivador para os alumnos destas características.

Ao alumnado con adaptación curricular significativa (ACS) facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e exercicios prácticos que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos. As fichas prácticas serán corrixiadas e valoradas. Realizaranse tamén probas escritas e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que para o curso correspondente.

No caso de alumnos con altas capacidades intelectuais, incrementarase a complexidade e nivel dos contidos segundo a peculiaridade de cada alumno/a. Serán realizadas actividades específicas de ampliación, fomentando nos alumnos, sempre que sexa posible o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación, cun alto compoñente motivador para os alumnos destas características.

O reforzo educativo farémolo dentro do grupo, salvo deficiencias graves que puidesen aconsellar algún período curto de tempo fora da aula. Cando detectemos problemas de difícil solución haberá que optar por adaptacións significativas do currículo ou cando se dean as circunstancias adecuadas pola proposta para programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

En calquera caso, solicitaremos o apoio do departamento de Orientación, para tomar as decisións máis axeitadas para o alumno e implicaremos aos pais naqueles casos que así o requiran.

Prestarase especial atención aos alumnos estranxeiros con formación inicial diferente, escasa ou nula e en moitas ocasións descoñecedores da lingua galega, ao non tratarse dun problema de capacidades, senón de falta de base, nestes casos, o profesor facilitará a estes alumnos o material e os recursos necesarios, para adquirir os coñecemento

previos indispensables para o correcto seguimento do curso, así mesmo explicará devanditos conceptos, sempre que as circunstancias o permitan. Terase en conta o ¿Plan de acollida para alumnado procedente do estranxeiro¿ do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao entorno próximo do centro	Saída ao entorno próximo do centro para observar exemplares de flora e fauna autóctona e os ecosistemas próximos.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Acadáronse os obxectivos didácticos previstos na Programación.
3. Aplicáronse correctamente os criterios de avaliación previstos.
4
Metodoloxía empregada
2. Aplicáronse correctamente as metodoloxías en cada un dos cursos e niveis.
Medidas de atención á diversidade
5. Acadáronse os resultados académicos previstos por parte do alumnado no proceso de ensino- aprendizaxe.
Outros
6. Aplicouse correctamente, en cada un dos cursos, os apartados previstos na Programación Didáctica.

Descrición:

A avaliación non só afecta aos procesos de aprendizaxe dos alumnos, senón tamén aos procesos de ensino desenvolvidos polos profesores. A avaliación da práctica docente levarase a cabo a través da observación do profesor, que irá analizando o grado de dificultade das actividades propostas, o estado de motivación dos alumnos e a través das cualificacións dos alumnos e o diálogo aberto con eles.

Como é lóxico, unha Programación Didáctica de Departamento, é un documento que debe estar sempre aberto a posibles cambios co propósito de modificar aqueles apartados que, na práctica docente, compróbase que non están axeitados á realidade da aula. É, por iso, que a propia autoavaliación da Programación Didáctica debe ter dous grandes bloques: por unha banda, sinalar aqueles ítems claves do grao de consecución e, por outra, especificar as posibles correccións aplicables para as futuras Programacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos

recursos dispoñibles.

9. Outros apartados